

**II Encontro  
Olga Gallego  
De Arquivos  
22·11·2019**

**OS  
SISTEMAS  
DE  
ARQUIVO  
NO  
SÉCULO  
XXI:  
PROFESIONAIS  
E  
INSTITUCIÓNS  
NOS  
TEMPOS  
LÍQUIDOS**

**A xestión documental  
do Sistema de Arquivos  
da Xunta de Galicia no  
contexto da elaboración  
do Plan de Arquivos  
de Galicia.**

**A derradeira  
oportunidade**

**Alfonso Cascudo Rasilla**

**Xefe de sección  
Arquivo Xeral  
Territorial  
de Pontevedra**

## RESUMO

Nesta comunicación abórdase a situación do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia desde a óptica das súas carencias e necesidades por non ter resolvido aínda os problemas propios do século XX derivados do que se deu en chamar a explosión documental, que nos sitúan aínda nos “tempos sólidos” do soporte papel.

Arquivos colapsados, sen persoal dabondo para cumprir as funcións que a Lei de Arquivos de Documentos de Galicia prescribe, obriga máis se cabe a Xunta de Galicia a acometer o establecido na propia Lei e elaborar un Plan de Arquivos que recolla a estratexia, os compromisos e os recursos necesarios para reverter unha situación que semella inexorable.

Este plan pode ser a derradeira oportunidade para que toda unha xeración de arquivistas vexamos aos arquivos realmente situados como axentes imprescindibles para o desenvolvemento de procesos integrados na xestión administrativa xeral e aplicados con carácter transversal.

## PALABRAS CLAVE

Xunta de Galicia, Sistemas de Arquivos, Plan de Arquivos, arquivística, xestión de documentos

## ABSTRACT

This bulletin addresses the current situation concerning the Archive System of the Xunta de Galicia from the point of view of its deficiencies and requirements in the context of the, as yet unresolved, problems peculiar to the twentieth century. The aforementioned problems, referred to as the explosion of records, still position us firmly in the “solid times” of the medium of paper.

Collapsed archives, without the staff necessary to carry out the required functions as stipulated in the Galician Document Archive Law, compels the Xunta de Galicia, more than ever, to implement the strategy, obligations and resources necessary to revert a seemingly inexorable situation.

This plan may be the last opportunity for a whole generation of archivists to see their archives considered as really indispensable factors for the development of integrated processes in general administrative management and to be applied transversally.

## KEY WORDS

Xunta de Galicia, Archive System, Archive Plan, archives administration, Record management

## COMUNICACIÓN

Tanto o título desde encontro, *Os sistemas de Arquivo no século XXI: profesionais e Institucións nos tempos líquidos*, como a propia publicación que o inspira<sup>1</sup>, sitúanos como arquivistas na necesidade de ampliar e profundar o pensamento sobre os arquivos na contorna dixital actual. Aínda que sería moi interesante poder analizar a realidade do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia desde esta perspectiva, tanto por falta de elementos de xuízo, como pola miña tendencia natural de ter os pes na terra cando de arquivos se trata, vou abordar a situación do Sistema centrándome nas súas carencias e necesidades por non ter resolvido aínda os problemas propios do século XX derivados do que se deu en chamar a “explosión documental”, que nos sitúan irremediabilmente nos tempos sólidos do soporte papel.

A estrutura legal deste Sistema arranca en 1981 co aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, que no seu artigo 27º.18 establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma en materia de arquivos de interese para a mesma e que non sexan de titularidade estatal.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, derogada pola actual Lei 5/2016, contemplaba a existencia do sistema de arquivos de Galicia como a estrutura administrativa para organizar, xerarquizar e facilitar o cumprimento dos fins que os arquivos teñen encomendados e que o patrimonio documental de Galicia demanda. Ata a entrada en vigor da Lei 8/1995, a estrutura e definición do sistema de arquivos abordouse a través de normas de rango regulamentario: o Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regulaba o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia, que fora ditado en substitución do Decreto 414/1986, do 18 de decembro.

Actualmente o Sistema de Arquivos de Galicia está regulado no Título III, da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (LADG). Segundo o seu artigo 29 o Sistema de Arquivos de Galicia está integrado por:

- a. A consellaría competente en materia de arquivos e patrimonio documental, como órgano administrativo de dirección, coordinación e cooperación.
- b. Os órganos colexiados asesores, que serán o Consello de Arquivos de Galicia, regulado polo Decreto 25/2016, do 3 de marzo, e o Consello de Avaliación Documental de Galicia, regulado polo Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro.

1. *Archives in Liquid Times* ten como obxectivo ampliar e profundar o pensamento sobre os arquivos na contorna dixital actual. O título do libro inspírase na metáfora do sociólogo Zygmunt Bauman, que caracterizou a sociedade actual como un tempo “líquido” pola dinámica social imparabile que cuestionada todos os seus fundamentos. Considerando os arquivos como un produto social, esta obra colectiva tenta alimentar o debate sobre os arquivos en diferentes campos de investigación como a ciencia da información, a filosofía, a semiótica, os estudos de xénero, a ciencia da organización etc. Mostra que nestes tempos líquidos os arquivos necesitan e merecen ser considerados desde diferentes ángulos. Deste xeito, *Archives in Liquid Times* tenta cruzar os límites disciplinares que a miúdo manteñen ás comunidades académicas e profesionais encerradas no seu propio discurso.

- c. Os diferentes arquivos públicos ou privados, de acordo co que establecen os artigos 30 e 31, entre eles, os arquivos da Xunta de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais.

A súa vez, o capítulo IV (artigos 35 a 43) deste título IV regula o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, no que nos imos centrar, integrado por un órgano de dirección e coordinación, que tamén o é de todo o Sistema de Arquivos de Galicia, e dos diferentes arquivos dependentes da Xunta:

- Os arquivos de xestión e centrais dos órganos de goberno e administración da Comunidade Autónoma de Galicia, entidades instrumentais, sociedades e fundacións do sector público autonómico, así como as corporacións de dereito público con sede en Galicia, coa as súas competencias de carácter público.
- Os arquivos xerais territoriais.
- O Arquivo de Galicia.
- O Arquivo do Reino de Galicia e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Este mesmo artigo 35, modificado pola disposición final terceira da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, cita finalmente ao Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia, ao que non nos imos referir nesta comunicación, e que formará parte do Sistema de arquivos da Xunta como repositorio de documentos electrónicos dos arquivos enumerados.

Ata aquí o marco regulador do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, analicemos a continuación a realidade dos diferentes arquivos que o integran.

Seguindo a orde natural do ciclo vital dos documentos, iniciamos a análise nos arquivos de xestión, que segundo o artigo 37 da propia Lei, reúnen os documentos xerados polas unidades do órgano do que dependen, co obxectivo de apoiar a súa xestión e acreditar as súas actuacións. Sen prexuízo da súa dependencia orgánica, os arquivos de xestión dependerán, en todo o relativo ás directrices técnicas do órgano coordinador do Sistema. Os arquivos de xestión realizarán as transferencias dos seus documentos ao arquivo central ou territorial que lles corresponda.

En segundo lugar sitúanse os arquivos centrais, que definen, implantan e manteñen o sistema de xestión documental, realizan as transferencias de documentos ao arquivo intermedio ou histórico da súa demarcación territorial e asesoran ao persoal responsable dos arquivos de xestión e coordinan a súa organización e funcionamento.

A LADG encoméndalles tres funcións esenciais: coordinación dos arquivos de xestión a través de directrices técnicas, desenvolvemento do sistema de xestión documental e a xestión das transferencias de entrada e saída.

Se temos en conta que a xestión documental, como sinala o artigo 18.3 da lei, abrangue os procesos de identificación, avaliación, organización, descrición, conservación e servizo de documentos, existen como pouco oito procesos de traballo asociados a estes arquivos<sup>2</sup>.

<sup>2</sup>. Estes oito procesos de traballo serían: Coordinación dos arquivos de oficina, xestión de ingresos e saídas de documentos, identificación, avaliación, organización, descrición, conservación e servizo de documentos.

Ademais, no artigo 4.4., se establece que estes procesos están integrados na xestión administrativa xeral e deben ser aplicados con carácter transversal e de modo continuo no seo do Sistema de Arquivos de Galicia para garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos ao longo do tempo, así como para a configuración do patrimonio documental de Galicia.

## SERVIZOS CENTRAIS

Para analizar a situación dos arquivos nos servizos centrais da Xunta, contrastamos a obriga legal que se establece no artigo 38.1 da Lei de existencia dun arquivo central en cada consellería, e naqueles organismos que posúan personalidade xurídica propia, co persoal que presta servizo nestes arquivos.

Actualmente existen once consellerías, algunha delas con competencias tan amplas como a economía, o emprego e a industria xestionadas por un só departamento. Destes once departamentos dependen un bo número de entidades públicas instrumentais, entre organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos con personalidade xurídica propia<sup>3</sup>.

O único arquivo central dotado de persoal técnico, tras a correspondente modificación da RPT do ano 2006, é o arquivo central da consellería competente en materia de cultura, ao que lle hai que sumar o arquivo central da consellería competente en materia de industria que ten ao seu servizo unha arquivista á que, mediante sentenza xudicial, se lle recoñeceron os seus dereitos laborais despois de traballar durante anos para unha empresa privada que realizaba traballos propios do persoal técnico de arquivos.

Por último, en cada unha das relacións de postos de traballo das consellerías competentes en materia de política social, emprego e mar figura unha praza de arquivista do grupo A1 sen dotar de persoal.

Se aplicamos a distribución en áreas competenciais proposta no Estudo Orgánico-Funcional da Xunta de Galicia, no que se contemplan dezaioito áreas<sup>4</sup>, só estarían atendidas por persoal técnico de arquivo tres: cultura, comercio e consumo, e industria.

Estas datos convidánnos a varias reflexións: a primeira, relacionada cos recursos humanos, ¿a existencia de tan só un/unha arquivista por arquivo é dabondo para dar conta de todas

**3.** Sen ánimo de ser exhaustivo, citar: A) Organismos autónomos (Academia Galega de Seguridade Pública, EGAP, Fondo Galego de Garantía Agraria, Instituto Galego do Consumo e da Competencia, Instituto Galego de Estatística, Instituto Galego de Vivenda e Solo, SERGAS, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral). B) Axencias públicas autonómicas (CIXTEC, IGAPE, Instituto Enerxético de Galicia, AGADIC, AGADER, AMTEGA, Axencia Galega de Innovación, ATRIGA, Axencia Galega de Infraestruturas, Axencia de Turismo de Galicia). C) Entidades públicas empresariais (Augas de Galicia, Portos de Galicia, Compañía de Radio-televisión de Galicia) e consorcios autonómicos (Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística). Ademais, habería que ter en conta outras entidades instrumentais como son sociedades mercantís públicas autonómicas e as fundacións do sector público autonómico.

**4.** As 18 áreas contempladas nestes estudo son Alta Dirección da CCAA, Administracións Públicas, Política Económica e Facenda, Comercio e Consumo, Cultura, Deporte, Educación, Industria, Innovación e Promoción Económica, Medio Ambiente, Medio Mariño, Medio Rural, Política Lingüística, Política Territorial, Sanidade, Seguridade e Interior, Servizos Sociais, Traballo, e Turismo.

as funcións que a propia Lei demanda a estes centros?. A segunda, referente ás instalacións coas que contan estes arquivos, ¿son suficientes e axeitadas para poder realizar as tarefas encomendadas?. Unha última reflexión sitúanos na análise do modelo existente, onde a/o arquivista está vencellada/o a unha consellería, independentemente das competencias que esta poida asumir tralas continuas mudanzas nas estruturas orgánicas.

Resulta obvio que un arquivo central que non conte con persoal auxiliar que libere ao persoal técnico de tarefas como a atención de préstamos e consultas, dificilmente poderá desenvolver procesos técnicos máis complexos.

En relación aos medios materiais, os datos dos arquivos centrais en funcionamento amosan unha situación próxima ao colapso: O arquivo central de Cultura conta cunha capacidade de 728 m. dos que 702 están ocupados con 4.914 unidades de instalación<sup>5</sup>, e o Arquivo Central de Industria, con 2.955 m. de capacidade xa ten 2.893 m. ocupados<sup>6</sup>.

Neste modelo descentralizado o persoal técnico de arquivos ten que desenvolver tarefas de carácter transversal dependendo tanto orgánica como funcionalmente de consellerías con competencias sectoriais. Aínda que a Lei de arquivos dispoña que o persoal dos arquivos centrais dependen funcionalmente do órgano coordinador do Sistema, a efectos prácticos esta coordinación non se deixa notar coa eficacia necesaria.

A función transversal dos arquivos dentro do ámbito do sector público autonómico sitúaos como pezas clave do funcionamento do propio sector. O modelo a seguir é o de outros servizos transversais integrados nun mesmo órgano de dirección como poden ser os servizos xurídicos dependentes da Asesoría Xurídica Xeral, as intervencións delegadas ou os servizos de tecnoloxías da información e comunicación.

Se tomamos como referencia estes últimos, á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA<sup>7</sup>, veremos que a súa creación permitiu unha maior eficiencia e unha redución de gasto ao integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de todas as consellerías e de diferentes entidades da Xunta, baixo unha mesma dirección.

Nestes modelos os recursos se distribúen segundo van xurdindo as necesidades. Cando unha consellería asume novas competencias, existen medios para fortalecer o servizo que nela se presta pois a distribución de recursos é marcadamente funcional.

Por outra banda, o modelo é compatible cos postulados da propia Lei de arquivos, que no artigo 38.7 establece que “sen prexuízo da súa dependencia orgánica, os arquivos centrais dependerán, en todo o relativo ao seu funcionamento, das directrices técnicas, da asistencia e da inspección do órgano coordinador do Sistema”.

---

5. Información facilitada polo responsable do arquivo, Antonio López Domínguez o 7 de novembro de 2019

6. Información facilitada pola responsable do arquivo, Montserrat Maneiro Bermúdez o 7 de novembro de 2019

7. Información dispoñible en <https://amtega.xunta.gal/presentacion> [Última consulta: 10/11/2019].

---

A Consellería de Cultura e Turismo como órgano competente na actualidade, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, da dirección e coordinación do Sistema, é a encargada de dirixir e garantir a exercicio das funcións dos arquivos en relación coa xestión documental no ámbito da xestión administrativa xeral. Para iso, debería recibir os recursos materiais e persoais necesarios do resto do Sector Público Autonómico para poder exercer con garantías esta función transversal.

Solicitar recursos nun momento no que, cando menos, a desaceleración económica planea sobre as nosas testas resulta especialmente difícil. Mensaxes como que os arquivos do sistema garantimos o dereito de acceso da cidadanía aos documentos e a protección, conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia, por estraño que nos poida parecer, sospeito que son insuficientes para que calen no sentir político.

Porén, o custo derivado da acumulación de decenas de quilómetros de documentos sen tratamento algún espallados por dependencias administrativas, espazos alugados e empresas de garda e custodia documental resultan difíciles de xustificar ante a cidadanía. Se temos en conta que meirande parte destes documentos, sen dúbida máis da metade, perdidos os valores primarios, só conteñen información redundante recollida noutros documentos recompiladores, está máis que xustificada a solicitude de recursos para intervir. Por iso, é tan necesario contar cos datos dos censos de documentos almacenados polas distintas dependencias da Xunta de Galicia que se están a realizar.

Neste contexto hai que salientar o relevante papel que debe desenvolver o Arquivo de Galicia, arquivo con carácter intermedio e histórico, cabeceira e centro de referencia do Sistema. Para iso necesita medios dabondo e así exercer as competencias de coordinación de todos os arquivos, entre elas, programar e dirixir a identificación, valoración e selección documental e establecer e desenvolver normas técnicas arquivísticas.

Para cumprir as funcións de recepción de documentos que a LADG lle asigna a este centro de referencia, os seus depósitos son absolutamente insuficientes: conta tan só con capacidade para 20.574 metros de documentos entre os seus dous depósitos, emprazados na Cidade da Cultura e no polígono Industrial do Tambre en Santiago, cando xa custodia máis de 20.000 m. Resulta clara a urxencia de dotar de máis capacidade os seus depósitos. Se tomamos como modelo outra comunidade autónoma cunha poboación similar á de Galicia, como Castela-A Mancha, veremos que o seu Arquivo Rexional dispón de 70 km lineais de andeis compactos, con capacidade para albergar máis de 500.000 unidades de instalación estandarizadas<sup>8</sup>.

## SERVIZOS PERIFÉRICOS

Nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia os arquivos xerais territoriais (AXT) exercen como arquivos centrais e intermedios. As súas dependencias están emprazadas nos edificios administrativos sede das delegacións da Xunta nas que existe un edificio común, por iso só contamos con arquivos deste tipo en Lugo, Pontevedra e Vigo.

<sup>8</sup>. Información dispoñible en: <https://archivos.castillalamancha.es/sistema/archivo-de-castilla-la-mancha/archivo-de-castilla-la-mancha> [Última consulta: 10/11/2019].

Non temos constancia de que os depósitos de ningún destes arquivos se dimensionasen no seu día en función dos documentos que tiñan que custodiar segundo as competencias ou a poboación do seu ámbito territorial.

Os AXT dependen organicamente da xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo da súa provincia respectiva, e funcionalmente da Subdirección Xeral de Arquivos e Museos, aínda que segundo establece a LADG definen, implantan e manteñen o sistema de xestión documental no seu ámbito, de acordo coa normativa técnica e as directrices do órgano coordinador do Sistema, e coas instrucións da persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería con competencias en materia de arquivos e patrimonio documental. Resulta especialmente salientable esta competencia da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo que sen dúbida sitúa estes centros no ámbito da xestión administrativa xeral.

A nivel periférico a primeira gran disfunción do Sistema e a inexistencia de arquivos territoriais nas provincias da Coruña e Ourense. No caso da Coruña a meirande parte das dependencias autonómicas están situadas no edificio administrativo do barrio coruñés de Monelos, onde habería que procurar un emprazamento axeitado para o AXT e dotalo de persoal e medios suficientes.

Por outra banda, debido as necesidades de servizo, hai anos que existe un arquivo central na Xefatura Territorial de Industria da Coruña. As súas dúas arquivistas teñen un vínculo laboral produto do recoñecemento dos seus dereitos mediante sentenza xudicial tras ter traballado nunha empresa privada de servizo de arquivos. A creación destas prazas, xa que logo, non partiu dunha planificación previa para cubrir estas necesidades mediante a asignación de recursos humanos. Este arquivo conta con capacidade para 2.572 m. dos que 2.551 m. xa están ocupados<sup>9</sup>.

No caso de Ourense a realidade é moito máis complexa, pois aínda que o AHP trasladarase ao novo edificio, emprazado no antigo convento de San Francisco, no vindeiro ano, segundo a LADG, os AHP só deberían recibir documentos de conservación permanente, pois son exclusivamente arquivos históricos do Sistema, sen prexuízo de que sigan a ser arquivos intermedios da administración periférica do Estado.

Haberá que buscar un emprazamento para o Arquivo territorial de Ourense, crealo e dotalo de persoal, pois si se contravén o disposto na Lei, e se emprega o AHP como arquivo central e intermedio da Xunta na provincia, co actual cadro de persoal do centro será imposible poder xestionar a inxente masa documental producida durante máis de 30 anos pola Delegación Territorial, que está a ser censada neste momentos e que xamais contou con tratamento arquivístico algún.

A segunda disfunción a nivel periférico e a falta de recursos dos AXT. O AXT de Lugo é o mellor dotado dos tres existentes, o seu cadro de persoal está integrado por dúas prazas de arquivistas, unha sección do grupo A1/A2 e un posto base do grupo A2, ambas cubertas por funcionarias das escalas superior e media de arquivos respectivamente. Conta ademais

<sup>9</sup>. Información facilitada polas responsables do arquivo, Teresa García Fernández e Lourdes López Orjales o 14 de novembro de 2019



cunha praza de auxiliar administrativo e dúas de persoal subalterno. Polo que respecta aos espazos e locais, conta con 70 m<sup>2</sup> de oficina e tres locais nos sotos do edificio cun total de 3.700 metros de andeis totalmente ateigados de documentos<sup>10</sup>. Estes depósitos son totalmente insuficientes para unha provincia como Lugo, o que provocou indirectamente o colapso do AHP, como logo veremos.

O Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra só conta na RPT cunha sección do grupo A1/A2 cuberta por un técnico superior de arquivos. En canto a instalacións, dispón dun depósito con capacidade para máis 12.000 m de documentos, cunha ocupación aproximada de 7.000 m., unhas 56.000 unidades de instalación procedentes de todas as xefaturas Territoriais con sede na Provincia de Pontevedra e dalgunhas unidades administrativas das xefaturas territoriais con sede en Vigo, como son a de Emprego e a do Mar.

Finalmente, o Arquivo Xeral Territorial de Vigo co mesmo exíguo cadro de persoal que o AXT de Pontevedra, unha sección cuberta por unha técnica media de arquivo, dispón dun total de 7100 metros de andeis cunha ocupación do 99%.<sup>11</sup>

A delimitación de competencias entre estes dous arquivos pontevedreses non foi abordada tampouco ate o día de hoxe. No actual borrador do proxecto do Plan de Arquivos propónse, por unha banda, unha delimitación Territorial, de tal xeito que a coordinación dos arquivos de xestión corresponda ao AXT da cidade sede da delegación, estean ou non emprazados no edificio central administrativo e independentemente da área competencial. Por outra, unha delimitación por áreas de competencias. Así, a coordinación dos arquivos de xestión das unidades administrativas con sede fóra das cidades de Pontevedra e Vigo se distribuiría en función de onde teñan a sede as xefaturas territoriais correspondentes<sup>12</sup>.

Tampouco foi abordado ate hoxe o reparto de competencias entre o Arquivo de Galicia e os arquivos xerais territoriais. ¿A quen corresponde a coordinación dos arquivos de xestión e a recepción de transferencias procedentes dos servizos periféricos de entidades públicas empresariais como Portos de Galicia ou Augas de Galicia, que dependen organicamente de servizos centrais?

Os arquivos xerais territoriais realizarán a transferencia dos documentos de custodia permanente ao arquivo histórico provincial que corresponda, segundo establece a LADG. O problema é a situación de colapso dos depósitos do ARG e dos AHP<sup>13</sup>. Agás no citado caso de Ourense, o resto de arquivos históricos do Sistema non teñen capacidade suficiente para recibir os documentos de conservación permanente da Xunta de Galicia.

**10.** Información consultada en <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-territorial-da-xunta-en-lugo/> [Última consulta: 10/11/2019].

**11.** Información consultada en <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-territorial-da-xunta-en-vigo/> [Última consulta: 10/11/2019].

**12.** Por citar algúns exemplos: as Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería de Medio Rural, con xefatura territorial en Pontevedra, serían competencia do Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra, e as xefaturas comarcais da Consellería do Mar, con sede en Vigo, serían competencia do Arquivo Xeral Territorial de Vigo.

**13.** PEREIRA OLIVEIRA, Dolores, LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia, MARIÑO COSTALES, Mariám. *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia: Unha perspectiva de xénero e feminista*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2019, pp. 54

Non hai que perder de vista que estes arquivos históricos exerceron de arquivos intermedios da Xunta de Galicia ate a entrada en vigor da LADG, por iso o ARG e do AHP de Lugo contan con documentos producidos pola Xunta susceptibles de seren identificados, avaliados, seleccionados e, nunha boa parte, eliminados.

Así, o ARG conserva aproximadamente 4.000 metros de documentos producidos e/ou acumulados pola Administración Autonómica de Galicia<sup>14</sup>, o que supón arredor do 17% da súa capacidade total, cifrada en 24.000 m. No caso do AHP de Lugo, un 44% dos seus 20.000 metros de depósito están ocupados por documentación producida e/ou acumulada pola Xunta de Galicia, en concreto 8.828 metros<sup>15</sup>. O AHP de Ourense custodia tan só 221 metros de documentos da Administración galega<sup>16</sup>, pois os seus depósitos levan anos colapsados. Unha situación similar prodúcese no AHP de Pontevedra, que conserva nos seus ateigados depósitos tan só 147 m. producidos pola Xunta de Galicia<sup>17</sup>.

Tanto nos servizos centrais como nos periféricos, quizais haxa que mudar o modelo de conservar grandes masas documentais en edificios administrativos ou centros culturais situados en zonas céntricas das cidades cun alto custo asociado, e procurar espazos máis económicos para concentrar os documentos de series moi voluminosas con baixa frecuencia de consulta e que contén con táboas de avaliación que xa determinaron a súa eliminación, ou que sexan susceptibles de ser eliminadas<sup>18</sup>. Lembremos o modelo norteamericano de depósitos intermedios ou records centers.

Concentrar os documentos non pode servir de escusa á Administración para deixar a xestión documental en mans de empresas privadas de garda e custodia que, ademais de cobrar polo depósito dos documentos, tamén o fan por cada servizo que presten sobre os documentos que conservan, por non falar da carencia de persoal especializado nestas empresas ou dos posibles incumprimentos de normativas tan esixentes como poden ser o Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais<sup>19</sup> ou a regulación estatal e europea en materia de protección de datos de carácter persoal<sup>20</sup>.

---

**14.** Datos facilitados por Gloria García López, técnica superior de arquivos do ARG, o 15 de novembro de 2019.

**15.** Datos extraídos do cadro de clasificación do arquivo <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-lugo/content/fondos/index.html> [Última consulta: 10/11/2019].

**16.** Datos extraídos do cadro de clasificación do arquivo <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-ourense/content/fondos/index.html> [Última consulta: 10/11/2019].

**17.** Datos extraídos do cadro de clasificación do arquivo <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-pontevedra/content/fondos/index.html> [Última consulta: 10/11/2019].

**18.** Expedientes de transmisión de vehículos usados entre particulares, expedientes de subvencións, en concreto as solicitudes que non estean acompañadas de documentos relevantes, as solicitudes dos procesos selectivos (non as actas), unha parte importante dos expedientes sancionadores, os expedientes de recoñecemento á asistencia xustiza gratuíta, os expedientes de bolsas de educación etc., son algúns exemplos de series coas características descritas, xa avaliadas por outras CCAA e consideradas de eliminación total ou parcial.

**19.** Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

**20.** Regulamento (EU) 2016/679, e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

---

## ¿QUEN TEN UN PLAN?

A situación endémica do Sistema ate aquí exposta, de falta de planificación e de recursos na xestión documental da Xunta de Galicia, esixe máis que nunca que se cumpra a disposición transitoria segunda da LADG que establece que “no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei a consellería competente en materia de cultura proporalle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación dun plan de arquivos, que avaliará as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia”.

Non perdamos de vista que a propia Lei no art. 14.1 é a que dispón que “os arquivos públicos contarán co persoal arquivista, técnico e administrativo suficiente para cubrir as necesidades do servizo”, e no art.15.1 a que establece que todos os arquivos do Sistema “deberán posuír as instalacións e sistemas de xestión axeitados, tanto no que respecta á súa situación coma ás súas condicións técnicas específicas, para o mantemento, seguridade, consulta e conservación dos documentos neles custodiados”.

Abordar un Plan de Arquivos non é doado pois a administración que o elabora debe cumprir os seus compromisos, para iso hai que buscar a implicación de todos os axentes do Sector Público Autonómico.

Neste momento o documento está en fase de borrador e esperase contar cun primeiro proxecto de Plan de Arquivos a comezos de ano. Neste borrador, as conclusións da diagnose dos arquivos do Sistema recollen parte das carencias ate aquí expostas.

Tres son as liñas estratéxicas establecidas neste documento: Optimizar a xestión, dotar e ordenar os recursos e potenciar a difusión, tanto cara á propia administración, onde non somos o suficientemente visibles, como cara a cidadanía.

Non é nin o momento nin o lugar, nin son quen para seguir debullando este documento estratéxico, só sinalar que do Plan depende o presente e o futuro do funcionamento do noso Sistema, fundamentalmente no que atinxe ao cumprimento dos compromisos concretos que debe asumir toda a Xunta. De non ser así, e ameaza recollida na análise DAFO do inconcluso Plan de Arquivos de Galicia 2012-2016<sup>21</sup>, que sinalaba que “a xestión diaria impide desenvolver proxectos de maior alcance e repercusión” seguirá a marcar noso esmorecente devir profesional.

**21.** Aprobado polo Consello da Xunta o 1 de setembro de 2011 [https://www.xunta.gal/consellos-do-goberno-galego?p\\_p\\_id=ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_s6VJ&p\\_p\\_lifecycle=0&p\\_p\\_state=normal&p\\_p\\_col\\_id=column-1&p\\_p\\_col\\_count=1&ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_s6VJ\\_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FConselos%2Flistado\\_consellos\\_central.html](https://www.xunta.gal/consellos-do-goberno-galego?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_s6VJ&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_s6VJ_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FConselos%2Flistado_consellos_central.html) [Última consulta: 14/11/2019].

**BIBLIOGRAFÍA**

GARCÍA PITA, Marina, QUIROGA BARRO, Gabriel (coords.). *Guía dos arquivos da Xunta de Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2013.

PEREIRA OLIVEIRA, Dolores, LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia, MARIÑO COSTALES, Mariám. *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia: Unha perspectiva de xénero e feminista*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2019

QUIROGA BARRO, Gabriel (dir.). *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia: proposta dun cadro de clasificación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010.

SMIT, Frans, GLAUDEMANS, Arnoud, JONKER, Rienk (eds.). *Archives in Liquid Times*. 's-Gravenhage: Stichting Archiefpublicaties, 2017.